

24420 *LEI 51/1999, do 23 de decembro, sobre concesión dun crédito extraordinario por importe de 231.898.349 pesetas, para lle aboar a «Alvamar, Sociedad Anónima», a indemnización derivada das sentencias do Tribunal Supremo do 27 de xuño de 1994 e 6 de novembro de 1997. («BOE» 307, do 24-12-1999.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei orgánica 10/1985, do 2 de agosto, de autorización para a adhesión de España ás Comunidades Europeas, autorizou a ratificación polo Reino de España dos tratados de adhesión ás Comunidades Europeas.

O artigo 168 da acta relativa ás condicións de adhesión e ás adaptacións dos tratados estableceu a eliminación, durante un período de sete anos, das exencións arancelarias concedidas polo Reino de España para os produtos da pesca procedentes das empresas conxuntas constituídas entre persoas físicas ou xurídicas de España e de terceiros países.

O Tratado de Adhesión á Comunidade Económica Europea implicou a supresión das cotas exentas de arancel, concedidas polo noso país, para os produtos da pesca procedentes de empresas conxuntas, consonte o establecido no Decreto 2517/1976, do 8 de outubro, e no Real decreto 830/1985, do 30 de abril.

Os beneficios derivados das disposicións antes citadas determinaron que «Alvamar, Sociedad Anónima» efectuase grandes investimentos, participando na empresa conxunta hispano-arxentina «Pescasur, Sociedad Anónima», polo que a eliminación do sistema de cotas exentas do arancel lle supuxo danos avaliábeis economicamente e indemnizábeis.

Por iso a sociedade «Alvamar, Sociedad Anónima» formulou unha reclamación de danos e perdas que foi desestimada por acordo do Consello de Ministros, de data 30 de xuño de 1989, e que interpuxo, co fin de impugna-lo acordo anterior, o recurso contencioso-administrativo número 300/1988.

A Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Sexta, do Tribunal Supremo, con data do 27 de xuño de 1994, dictou sentenza pola que estimaba parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto por «Alvamar, Sociedad Anónima» contra a citada resolución do Consello de Ministros do 30 de xuño de 1989, e declarou que o Estado, en concepto de responsabilidade patrimonial, ten que indemnizala sociedade recorrente.

Contra esta sentenza interpúxose o recurso de casación para unificación de doutrina número 4030/1996, que a Sección Especial da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo desestimou en sentenza do 6 de novembro de 1997; finalmente dispúxose por acordo de Consello de Ministros do 18 de decembro de 1998 o cumprimento, nos seus propios termos, das referidas sentencias.

Co obxecto de atende-las obrigas derivadas do cumprimento das sentencias, tramítase este crédito extraordinario de acordo co Consello de Estado, logo de informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos.

Artigo 1. *Concesión do crédito extraordinario.*

Concédeselle un crédito extraordinario, por importe de 231.898.349 pesetas, á Sección 21 «Ministerio de

Agricultura, Pesca e Alimentación», Servicio 09 «Secretaría Xeral de Pesca Marítima», Programa 718A «Protección e conservación de recursos pesqueiros», capítulo 4 «Transferencias correntes», artigo 47 «A empresas privadas», concepto 471 «Para lle aboar a «Alvamar, Sociedad Anónima» a indemnización derivada das sentencias do Tribunal Supremo do 27 de xuño de 1994 e do 6 de novembro de 1997».

Artigo 2. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario a que se refire o artigo anterior financiarase con débeda pública, consonte o establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Artigo 3. *Autorización para amplia-lo crédito extraordinario.*

Autorízase o ministro de Economía e Facenda para amplia-lo crédito extraordinario que se concede, na cantidade necesaria para aboa-lo exceso de xuros que se produzan ata o momento de se efectua-lo pagamento.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 23 de decembro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

24570 *REAL DECRETO LEXISLATIVO 1/1999, do 23 de decembro, polo que se adecúa a normativa do recurso previsto no parágrafo terceiro da base 9.^a do Real decreto lei do 11 de xuño de 1929, de bases de portos, zonas e depósitos francos ó sistema tributario vixente. («BOE» 310, do 28-12-1999.)*

A Lei número 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, no parágrafo segundo do seu artigo 80, medidas de modificación e adaptación do réxime xurídico dos consorcios da zona franca constituídos consoante o Real decreto lei do 11 de xuño de 1929, de bases de portos, zonas e depósitos francos, autoriza o Goberno para que, mediante real decreto lexislativo, por proposta do Ministerio de Economía e Facenda, proceda no prazo dun ano a adecua-la normativa do recurso previsto no parágrafo terceiro da base 9.^a do Real decreto lei do 11 de xuño de 1929, de bases de portos, zonas e depósitos francos, e no artigo 131 do Regulamento en que se desenvollen as bases do real decreto lei citado, aprobado polo Real decreto do 22 de xullo de 1930, ó sistema tributario vixente, adaptándoa ás necesidades de financiamento dos consorcios das zonas francas, refundindo a citada normativa, reguladora dos ditos recursos, cos preceptos tributarios relacionados con ela, contidos na Lei 230/1963, xeral tributaria, do 28 de decembro; Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral orzamentaria e Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto